

# «Pablo Quintana salvou as coplas de Florencio da Fontaneira»

► O investigador asturiano e a musicóloga suíza Dorothé Schubarth recibiron os premios Mestre e Mestra da Memoria nun acto en Lugo

N.G.M.

nmenendez@elprogreso.es

LUGO. A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) organizou onte no Vello Cárcere a gala de premios Mestra e Mestre da Memoria, un certame que o colectivo celebra na cidade dende o ano 2016 baixo o lema 'Lugo, capital galega da literatura e tradición oral', «unha frase que nunca foi tan atinada como agora», apuntou Antonio Reigosa, membro da AELG e o responsable de abrir o acto cunhas palabras.

O obxectivo da gala foi a entrega dos premios Mestra e Mestre da Memoria, que este ano lle concederon á musicóloga suíza Dorothé Schubarth, quen percorreu Galicia cunha gravadora e deixou en herdanxa «a mellor sistematización e transcripción do corpus das músicas de raíz do noso país», apuntou Antonio Reigosa; e tamén ao divulgador, investigador e músico asturiano Pablo Quintana, quen «salvou da desmemoria do noso inmaterial as coplas do cego Flo-

rencio da Fontaneira, e as músicas da pandereteira Eva Castiñeira», sinalou o membro da AELG durante o seu faladoiro.

Ambos os dous son «imprescindibles na historia e na transmisión da música tradicional galega» e estiveron presentes nunha gala que contou coa interpretación dunha peza en directo do zanfonista Germán Díaz.

No acto, ademais dos premiados, tamén interviu Francisco Almuíña. O músico, igualmente zanfonista, sinalou que «é unha obriga colectiva, e unha responsabilidade social, identificar e recoñecer publicamente aqueles homes e mulleres que posúen o saber da nosa tradición. Neles recoñecémonos, e recoñecemos os alicerces humanos do noso patrimonio inmaterial».

Almuíña, emocionado pola interpretación de Germán Díaz, destacou que o labor «de estudio, de activismo», tanto de Schubarth como de Quintana, permitiu «que non esmorecera o noso



Pablo Quintana (esquerda) e Dorothé Schubarth, onte no Vello Cárcere. VICTORIA RODRÍGUEZ

extenso e intenso patrimonio de cultura oral».

Pola súa banda, Reigosa lembró a orixe «para xustificar a razón pola que en 2013 se crearon estes premios». O representante

da AELG falou das orixes, e dun documento da Unesco de 1994 «cunhas directrices para crear un programa que denominou 'Tesouros humanos vivos', co obxectivo de fomentar recoñecementos a depositarios e executantes das tradicións».

## Activismo

Francisco Almuíña destacou o labor de «activismo e de estudo» de Schubarth e Quintana

## Herdanza

Segundo Reigosa, Schubarth deixou «a mellor transcripción do corpus das músicas do noso país»

donda sobre romances con rima e melodía na que intervirán Schubarth e Forneiro.

Despois de comer, ás 16.00, Xurxo Souto falará das novas formas na música popular e afondará na relación entre o bravú e o romanceiro tradicional.

Branca Villares Naveira analizará a partir das 17.00 horas a violencia contra as mulleres nas cantigas da montaña luguesa e abordará a cuestión de xénero á hora de analizar a evolución do romanceiro. Ela, e Xurxo Souto, protagonizarán a segunda mesa redonda da xornada, que xirará sobre os camiños incertos da canción tradicional. O día pecharase cunha sesión práctica (19.30) coa Tradescola de Lugo e a Asociación de Gaiteiros Galegos.

**PROGRAMA DE HOXE.** A xornada de Literatura e Tradición Oral continúa hoxe no salón de actos da Deputación cunha conferencia de José Luís Forneiro sobre o romanceiro tradicional e a cultura galega que terá lugar ás 10.30 horas.

Unha hora máis tarde será o turno de Dorothé Schubarth, que falará da relación entre texto e melodía no romance tradicional.

Máis tarde, ás 12.30, Antonio Reigosa coordinará unha mesa re-